

Tutti Frutti

QUE ASPECTOS IMOS TRABALLAR?

A través desta actividade realizaremos un adestramento da nosa memoria ademais de pasar un momento divertido en familia.

MATERIAL NECESARIO:

- Bolígrafos ou lapis.
- Folios.

ACTIVIDADE:

O número de persoas que poden participar nesta actividade é ilimitado. Cada persoa terá un folio dividido en varios bloques: nome, animal, lugar, etc(os bloques poden estar divididos no que se queira, por exemplo: famosos, deporte...), o importante é ter todos os mesmos bloques.

Unha persoa do grupo ten que dicir o abecedario para si mesmo mentres que outra persoa lle di “para”, entón esa persoa ten que dicir en alto a letra correspondente do abecedario para poder comezar todos ao mesmo tempo. Unha vez que unha persoa do grupo complete todos os bloques ten que dicir en alto “Tutti frutti”, e o resto das persoas teñen que parar de escribir e deixar o bolígrafo enriba do papel. O reconto da puntuación faise da seguinte forma:

- Se varias persoas teñen a mesma palabra nun bloque son 5 puntos para cada unha.
- Se polo contrario teñen diferentes palabras nun bloque a puntuación será de 10 puntos para cada unha.
- Se unha persoa do grupo non puxo nada no bloque terá 0 puntos pero a puntuación do resto será de 15 puntos.

Na seguinte páxina tedes un exemplo de táboa para xogar ao tutti-frutti.

